

A Xunta acumula unha vintena de obras de importancia pendentes de executar no municipio

Páxinas 12, 13 e 14



Concello de  Oleiros

Desbloqueadas as obras de construción de beirarrúas en Nós

Páxina 5

Vivir en Oleiros

Número 33
Maio 2010
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Na imaxe, recreación en 3D do aspecto da nova sede da Escola Municipal de Danza. Arriba, vista da fachada principal; abaixo, a cara posterior do edificio



A Axencia de Desenvolvemento Local axudou a constituír 29 novas empresas

Páxina 16

O orzamento municipal achégase aos 30 millóns de euros

Páxina 4

O Goberno local humaniza o casco vello de Perillo

Páxina 7

COMEZA A CONSTRUCIÓN DA NOVA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA

■ Comezan as obras de construción da nova sede da Escola Municipal de Danza. O novo edificio, situado na avenida Valle Inclán en Perillo, terá unha superficie de preto de 1.000 metros cadrados. A nova sede permitirá mellorar a calidade do ensino e ampliar o número de matrículas. Así mesmo, a Escola de Música verase directamente beneficiada, xa que, grazas ao espazo liberado na Fábrica, ampliará as súas instalacións e contará con novas salas de ensaio para músicos novos.

Luar na Lubre actuará en agosto en Oleiros para celebrar o XVI aniversario de Alfaroleiros

Páxina 21

Como saber onde está todo en Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

APAÑADOS ESTABAMOS!

De todas as argucias e artimañas utilizadas polos partidos da oposición para intentar captar votos no noso concello, a que máis nos ruboriza é a de intentar apoderarse publicamente dos nosos proxectos. En ocasións utilizan trampas máis crueis e máis rastreiras, pero esta, sen dúbida, é a máis cómica e ridícula. Coñecedores de que non poden criticar unha xestión impecable e única que calquera pode observar só con saír á rúa intentan apoderarse dela. Tras escoitar os portavoces do PP, PSOE e BNG falar do seus «logros» para o Concello, desde Alternativa dos Veciños só nos queda felicitalos polo seu «duro» traballo e rendernos á súa eficacia ao fronte do Concello.

En hora boa ao portavoz municipal do PP e ao seu equipo por facer de Oleiros, eles sos claro, un lugar diferente e singular. E, sobre todo, grazas polas súas constantes achegas ao grupo de goberno e por non boicotear nin unha soa das nosas iniciativas. Grazas por axudarnos a construír quilómetros e quilómetros de beirarrúas ao longo de todo o municipio para mellorar a calidade de vida e a seguridade viaria. Grazas polas beirarrúas de Mera, de Dorneda e de Nós e por moitas outras. Grazas por non difamarnos nunca, nin intentar sacar rédito electoral da manipulación e a mentira. Grazas pola súa intermediación co Goberno da Xunta. Grazas de verdade por contribuír a que, fronte á parálise económica que esta-

mos vivindo no noso redor, en Oleiros se estea concedendo unha licenza urbanística cada día. Sen o seu apoio xamais seríamos capaces de desenvolver un novo Plan xeral que dotou de seguridade e orde o noso municipio. O seu respecto pola legalidade urbanística e polo medioambiente déixanos abraiados.

A nosa máis profunda en hora boa tamén ao partido socialista. Porque polo que se ve, o grupo municipal do PSdeG-PSOE en Oleiros, nun esforzo titánico, dotou o noso municipio de colexios, pavillóns, parques, centros para o lecer xuvenil, pistas cubertas e bibliotecas. Antes de que se creara a súa páxina web o Concello era un

deserto de area. E grazas sobre todo por crear, non se sabe cando, o modelo urbanístico que desde o Goberno de Alternativa dos Veciños vimos desenvolvendo desde hai máis de 20 anos. Grazas polo seu xuízo e criterio. De verdade estamos impresionados.

Para ser honestos, tamén temos que agradecer as fundamentais achegas do BNG ao noso Concello ao longo destes tres últimos anos. Grazas por encargarse de levar a cabo o proxecto da mellor pista de skate de Galicia. Grazas por crear locais de ensaio para a xente nova. Grazas pola oficina da mocidade, polo certame Revela e polo programa Ocioleiros. Grazas por crear as escolas infantís e por ensinarnos a nosa cultura.

Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, portavoz do PP de Oleiros



LA GESTIÓN ECONÓMICA DEL ALCALDE LLEVA AL AYUNTAMIENTO A LA RUINA

El balance del presupuesto municipal de 2009 y el proyecto presentado por Alternativa dos Veciños para el 2010 son la prueba definitiva de la incapacidad del alcalde, Ángel García Seoane, y su Gobierno para gestionar el Ayuntamiento de Oleiros y garantizar su viabilidad económica ni siquiera a corto plazo. El Partido Popular ya advirtió de que el modelo económico basado exclusivamente en el ladrillo está agotado. Los ingresos por el urbanismo que han sostenido el municipio han desaparecido y no van a volver, ni de lejos, al nivel del pasado. Y este Gobierno no es capaz de buscar fuentes de ingresos que lo sustituyan. La consecuencia es clara. Oleiros ha pasado de la noche a la mañana de presumir de remanentes y economía saneada a acumular déficit año tras año y tener

que pedir préstamos para hacer frente a necesidades básicas.

El año pasado el Gobierno volvió a autoengañarse previendo ingresos millonarios por venta de suelo que, una vez más, no se vendió. El resultado es un déficit de más de 2 millones de euros, que no se ingresaron, pero se gastaron. Ahora parece que empieza a asumir esta incapacidad, y la previsión de ingresos por venta de suelo se reduce.

Pero el presupuesto continúa siendo irreal y ficticio, porque siguen haciéndose previsiones de ingreso sin base real alguna. Y no lo dice el PP. Lo dice la interventora municipal en su informe. El Gobierno incluye cantidades que ya sabe que no va a percibir. Y lo hace en todos los apartados, especialmente en impuestos y en transferencias de otras administra-

ciones, que ya le han dicho que van a bajar.

Oleiros arrastra un déficit de más de 2 millones de euros de 2009 y la interventora acredita que, como mínimo, el presupuesto del año 2010 sumará un millón más de pérdidas. Además, las transferencias del Estado van a reducirse en otros 2 millones.

Cuando el año pasado, el PP advirtió de que la previsión de ingresos era demasiado optimista, el alcalde presumía de que Oleiros estaba al margen de la recesión y de que tenía 5 millones en el banco. La realidad es que el año que viene lo que va a haber es un agujero de 5 millones.

La prueba de que la situación no es la que dice el alcalde es que se va a pedir un préstamo de 2,5 millones de euros,

que no sabemos cómo se va a pagar. No es capaz de generar ingresos pero mantiene el gasto, y además se endeuda.

Esta política llevará al Ayuntamiento a la quiebra, y arrastrará a los acreedores, que no van a poder hacer frente a los impagos.

La situación es extremadamente grave. El presupuesto supone un serio riesgo para la viabilidad económica del Ayuntamiento y no asegura que a lo largo de este año sea capaz de garantizar los pagos a los proveedores y contratistas, ni siquiera a los propios trabajadores municipales.

Y el alcalde será el principal responsable. Este grupo advirtió del problema hace tiempo y siempre se ofreció a negociar, pero no se le dio ni la más mínima oportunidad.

Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Voceira do Grupo Municipal PSdeG - PSOE. Concello de Oleiros

PSdeG-PSOE: CONSTRUÍNDO OLEIROS CADA DÍA. UN ORZAMENTO PARA SUPERAR A CRISE

Os socialistas traballamos cada día para mellorar as condicións de vida dos cidadáns do municipio, os seus servizos públicos e os seus equipamentos. Por iso aprobamos os orzamentos do noso Concello, iso si, despois de propoñer a inclusión de numerosas obras e de esixir que se engadisen ou aumentasen as propostas do Goberno Municipal. A Cidade Deportiva de Bastiagueiro, a Reforma Integral de Santa Cristina, o Pavillón Polideportivo A Rabadeira ou a expropiación do solo para un novo colexio en Nós son bos exemplos. Os socialistas sentímonos orgullosos de contribuír a que Oleiros mellore cada día,

garantindo no orzamento máis de 800.000 euros para deporte, incluídos os novos campos do Marino de Mera e do Dorneda, máis de 2.200.000 euros para vías públicas, beirarrúas e pavimentos, máis de 130.000 euros para alumeados públicos, e así sucesivamente. Sentímonos orgullosos de que o Goberno de España invirtise en 2009 máis de 5.000.000 de euros e no 2010 máis de 3.500.000 euros a través do Plan E en Oleiros. As inversións de Zapatero en Oleiros superan ás do concello, polo que para ZP debemos reivindicar a consideración de "o mellor alcalde de Oleiros".

Queremos explicarlle aos nosos votantes, e a tódolos oleirenses, que sempre poden contar con nós, pero que especialmente, en época de crise, cando máis necesario e útil resulta o noso apoio, aquí estamos para garantir o seu benestar. O PSOE en España, e o Grupo Municipal Socialista de Oleiros, poñemos o mellor de nós mesmos para sacar o país e o concello da difícil situación na que estamos. Queremos ademais denunciar a política destrutiva do PPdeG (de Génova), que desde Madrid, desde Santiago e desde Oleiros busca intencionadamente que todo vaia mal como medio de crear desesperación na xente para

gañar as eleccións. O PP ten paradas incluso beirarrúas e estradas xa contratadas polo goberno de Touriño e desasisten ós parados de Oleiros.

Nas decisións importantes como o PXOM, Orzamentos, etc., os socialistas de Oleiros antepoñemos o interese xeral dos veciños a intereses electoralistas; non como o PP que pensa na rentabilidade política e non en resolver os problemas dos oleirenses. Pero que saiban, que os veciños sabrán distinguir entre quen nos facemos políticas responsables, e quen nos se dedican a facer unicamente a política do NON.



Bloque Nacionalista Galego / Fina Quintáns Antelo. Portavoz do BNG no Concello de Oleiros.

BNG: UN ESPAZO ABERTO PARA TODA A XENTE DE OLEIROS

O BNG pon a disposición de todos os veciños e veciñas o local da súa sede: Lar Espazo Aberto (rúa Dolores Ibárruri, 6 - Sta.Cruz) para animarvos á participación cidadá, a expordes e reivindicar a solución efectiva aos problemas reais. Esta é a política que, de sempre, vén facendo o BNG: transparente, dialogante, realista, en contacto directo cos veciños e veciñas.

A pista de skate e os locais de ensaio para grupos de música son dous dos últimos logros recentemente conseguidos. Outros polos que seguimos e seguiremos a traballar son a execución dos pasos a peóns (Av. Rosalía de Castro), e ben iluminados (Av. Che Guevara; desgrazadamente xa houbo unha morte nun deles), beirarrúas na estrada AC-173 en Lourido, entre

o límite de Arillo e Breixo, melloras nas paradas dos autobuses, que potenciarán a seguridade e a calidade de vida dos veciños e veciñas, etc. Mentres, hai quen se dedica a facer brindes ao Sol. O alcalde, no último pleno, propuxo ceder á Xunta un terreo para construír un colexio, moi necesario desde hai tempo, en Nós. Mais esta é unha proposta baleira, unha cortina de fume

para tentar tapar a súa incompetencia: o terreo non é propiedade do Concello, non foi quen de negocialo e, xa que logo, non pode ofertalo. É ilegal. É unha burla aos veciños e veciñas de Nós. Que faga os deberes. Que sexa transparente. Que pense na xente. E que non entorpeza o labor do BNG, pois o BNG si quere mellorar o Oleiros de todos e todas.

EDITORIAL

● LIBERDADE DE PRENSA E DEREITO Á INFORMACIÓN

◆ Un dos principais valores da democracia é a liberdade de expresión.

Que cada un de nós poida expresar libremente o seu parecer e debater ideas e proxectos que afectan aos pobos e ás comunidades que os integran, é unha conquista social que deixou moitas vidas no camiño xunto coa loita polo dereito a elixir libremente a quen dirixe os destinos de concellos, comunidades autónomas ou estados.

O dereito a unha información veraz e obxectiva é fundamental. Os gobernos teñen a obriga de comunicar á cidadanía todas aquelas decisións adoptadas que, pola súa relevancia, vaian afectar a importantes sectores da poboación: planificación urbana, imposición de impostos, taxas... así como a realización de todas as infraestruturas e equipamentos que, pola súa dimensión, inflúan no desenvolvemento das localidades.

Pero non sempre é así e son moitas as razóns que nos levan a alertar sobre a política de “información” terxiversada e de manipulación da realidade que intenta facer ver o branco, negro ou viceversa, co fin de desprestixiar o goberno que interese en cada momento, ademais de danar a imaxe da institución pública que corresponda.

Esta realidade non tería maior importancia se se circunscribise a actitudes dalgún concelleiro ou concelleira da oposición que entendese así o seu xeito de facer política, no caso de Oleiros, as ditas actitudes

son xa de sobra coñecidas pola maioría dos nosos veciños e das nosas veciñas. O feito agrávase cando se atopan coa complicidade de determinados medios de comunicación, escritos e orais, que se dedican a dar “noticias” precociñadas polo poder político-económico do momento a sabendas da falsidade destas. Sobresoldos, subvencións públicas e contratos laborais nos moitos gabinetes de comunicación que abundan na administración autonómica, son parte das prebendas recibidas a cambio e causa tamén, do empobrecemento dalgunhas persoas. Por suposto, cando se denuncian estes atropelos nos tribunais deféndense amparándose na liberdade de prensa, na liberdade de expresión e no dereito ao segredo profesional. Patente de curso para o libelo!!!

O obxectivo non é outro que socavar os alicerces de todo aquilo que non se axuste ou non se dobregue aos intereses do momento. A ninguén se lle escapa que este tipo de políticas-mediáticas proliferan cando máis se achegan as eleccións.

Desde Oleiros facemos un chamamento á cidadanía para que se informe, para que contraste as “noticias” de determinados medios coas que, en realidade, xera a vida municipal: a través da páxina web ou nas diferentes oficinas municipais cuxa documentación e expedientes están sempre á disposición dos veciños e das veciñas.

Axúdanos a romper coas políticas informativas do “calumnia que algo queda”.



Orgullosos de vivir en OLEIROS

Concello de  Oleiros

O ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO SUPERA OS 27,9 MILLÓNS DE EUROS PARA O 2010 ▼

■ *O Goberno local dedica 3,6 millóns de euros ao fomento da actividade cultural no municipio a través do Organismo Autónomo Municipal de Cultura*

◆ O pasado mes de abril o pleno municipal deu luz verde aos orzamentos municipais presentados polo grupo de goberno de Alternativa dos Veciños co voto favorable do grupo socialista. O orzamento xeral para o 2010 supera os 27,9 millóns de euros, o que supón un incremento do 2,8%, respecto ás contas do pasado ano. O documento integra o orzamento do Concello, que ascende a 27,3 millóns de euros e o do Organismo Autónomo Municipal de Cultura, que supón un total de 3,6 millóns de euros.

A actual situación de crise que se está a vivir a nivel estatal provocou un descenso nos ingresos por actividade económica, principalmente de

carácter urbanístico. Ademais causou un considerable recorte nas achegas que outras administracións fan ás arcas municipais. De feito o financiamento da Xunta de Galicia viuse reducido este ano nun 16%, mentres que a achega que fai o Goberno de España reduciuse un 7,3%. Estas conxunturas obrigaron ao Goberno local a deseñar un orzamento enfocado á contención do gasto, pero sen que o gasto social, educativo, cultural e de servizos á cidadanía se vise afectado con respecto ao pasado exercicio. Os veciños e as veciñas de Oleiros non notarán ningunha diminución nos servizos, se non todo o contrario, xa que se optimizaron os recursos para ampliar os programas e as actividades municipais.

ORZAMENTO CONSOLIDADO EXERCICIO 2010


TOTAL ORZAMENTO GASTOS		TOTAL ORZAMENTO INGRESOS	
	EUROS		EUROS
CAP 1 GASTOS DE PERSOAL	9.702.636,00	CAP 1 IMPOSTOS DIRECTOS	8.548.000,00
CAP 2 BENS CORRENTES	10.413.863,00	CAP 2 IMPOSTOS INDIRECTOS	1.000.000,00
CAP 3 GASTOS FINANC.	261.060,00	CAP 3 TAXAS E OUTROS ING.	4.111.385,00
CAP 4 TRANSF. CORRENTES	1.030.892,00	CAP 4 TRANSF. CORRENTES	9.069.644,00
		CAP 5 INGRESOS PATRIMON.	446.700,00
CAP 6 INVEST. REAIS	5.784.418,00	CAP 6 VENTA DE BENS	710.700,00
CAP 7 TRANSF. DE CAPITAL	0,00	CAP 7 TRANSF. DE CAPITAL	1.261.440,00
CAP 8 ACTIVOS FINANC.	39.900,00	CAP 8 ACTIVOS FINANC.	39.900,00
CAP 9 PASIVOS FINANC.	685.000,00	CAP 9 PASIVOS FINANC.	2.730.000,00
TOTAL ORZAMENTO	27.917.769,00	TOTAL ORZAMENTO	27.917.769,00

AS PRINCIPAIS ACTUACIÓNS PARA O 2010:

O Concello destina un total de 5,6 millóns de euros ao capítulo de investimentos. Esta importante cantidade de diñeiro será utilizada tanto na execución de novas infraestruturas como para a reposición e o arranxo das existentes. As partidas máis importantes corresponden ao investimento en:

- **Instalacións deportivas:** O orzamento destina 815.000 euros á construción e á mellora dos equipamentos deportivos. Desta importante suma de diñeiro, 350.000 euros investiranse na reforma integral, que se acometerá no pavillón polideportivo da Rabadeira, en Oleiros. Ademais, contéplase a execución da primeira fase dos campos de fútbol da zona norte e do campo de fútbol da parroquia de Dorneda, dedicándose 100.000 euros a cada unha destas instalacións. O resto destínase para melloras e reposicións noutras instalacións deportivas municipais.
- **Construción de beirarrúas:** Na construción de beirarrúas en distintas zonas do municipio destinarase un total de 570.000 euros. Grazas a este diñeiro rúas como Espoz y Mina, en Iñás, A Seara e Río de Veiga, en Nós, ou o tramo que une Lourido e Breixo, en Dorneda, a rúa O Regacho, en Maianca, e Salvador de Madariaga, en Montrove, ou a zona entre Muíño do Vento e Coruxo, en Liáns, a rúa O Portelo, en Lorbé, ou A Revolta e As Pedreiras, en Xoez entre outras, contarán con beirarrúas, o que aumentará a seguridade viaria e mellorará a calidade de vida nestas zonas.
- **Reposición de camiños e rúas:** O Concello dedica 1,6 millóns de euros á partida destinada á reposición da extensa rede de camiños e rúas do municipio. As obras máis significativas levaranse a cabo nas Viñas de Babilonia, en Liáns, onde se reordenará a urbanización e se crearán novos postos de aparcamento, soterrando os contedores de lixo. O investimento total nesta obra é de 600.000 euros. Outros 600.000 dedicaranse á reposición de distintas vías ao longo de todo o concello entre os que se inclúen a rúa da Vila (tramo da igrexa de Iñás) rúa O Piñeiro, rúa de Miranda, en Iñás, corredoiro das Viñas en Perillo, rúa Río Sar, As Pedras, O Regendo, urbanización Arenaza, a rúa Camilo Díaz Baliño, o acceso á praia de Naval, as rúas das Ras e O Cruceiro, a praza do Hotel Santa Cristina, Thomas Price, Vencello, as Pedreiras, a praza da Liberdade, e a urbanización Xardín de Nós. O resto do importe dedicarase a obras de máis pequena envergadura.
- **Outros investimentos:** O orzamento contempla outros importantes investimentos como os 230.000 euros que se investirán nos parques e xardíns do concello ou os 130.000 euros que se destinan á mellora da iluminación pública. Ademais á rede de saneamento destinarase ao redor de 200.000 euros e á reparación das casas do pobo e ás ampliacións da biblioteca de Nós e da Escola de Música 150.000 euros.
- **Promoción da cultura:** O Goberno local de Alternativa dos Veciños dedica no orzamento deste ano un total de 3,6 millóns de euros ao fomento da actividade cultural en Oleiros. Este importante investimento realizarase a través do Organismo Autónomo Municipal de Cultura, que, como vén realizando desde a súa constitución, investirá no desenvolvemento de actividades culturais, deportivas, de formación e de ensino. Ademais de prestar especial atención ao traballo coa mocidade.

COMEZAN AS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRARRÚAS EN NÓS TRAS UNHA ASEMBLEA COS VECIÑOS DA ZONA ▼



◆ Despois da asemblea mantida cos veciños e coas veciñas da parroquia de Nós, por fin dan comezo as obras de construción de beirarrúas e beiravías nas rúas Manuel Murguía, desde O Carballo ata Coroto, en Pilar Estévez Diéguez desde Vilanova ata San Marcos, e na Seara, desde San Marcos ata o linde con Cambre. Estas obras realízanse coa colaboración dos veciños que cederon ao

Concello o solo necesario para a súa execución. Coa construción destas infraestruturas o Concello prevé eliminar o alto risco para a seguridade viaria que sofren as persoas residentes na zona cando transitan polas rúas, cuxa angostura agravaba os riscos de atropelo. As obras supoñen un investimento total de 685.447 euros.

SANEAMENTO NAS GROBIAS E NAS RÚAS FEDERICO MANCIÑEIRA E DOS LIRIOS ▼

◆ Os veciños da zona das Grobias e das rúas Federico Manciñeira e dos Lirios chegaron a un acordo co Concello para realizar a rede de sumidoiros nestas zonas de ámbito rural. Así mesmo, nesta zona mellorárase o servizo da rede de augas. As obras financiaranse ao 50% entre veciños e o Concello e supón un investimento total de 75.521 euros. Ademais o Goberno municipal comprometeuse cos veciños na asemblea realizada en Nós a que unha vez rematadas as obras de dotación de servizos, o Goberno local procederá ao asfaltado destas rúas que se realizarán con cargo íntegro ao Concello.

UNHA ESTACIÓN DE BOMBEO EN SARRO ▼

◆ O Concello construíra unha pequena estación de bombeo de augas residuais no núcleo de Sarro. O obxectivo desta obra é dar servizo á rede de saneamento que se construíra entre os veciños da zona e o Concello e que, por impedimento dun veciño que prohibiu a realización dun colector por terreos da súa propiedade fixo imposible a posta en funcionamento da citada canalización.

MELLÓRANSE OS MUROS DO CASTELO DE SANTA CRUZ ▶

◆ Comezan con certo retraso as obras de reparación e reconstrución das murallas do castelo de Santa Cruz. Estas antigas estruturas defensivas encontrábanse seriamente agretadas e existía un alto risco de derrubamento na súa parte central, o que afectaría de forma fatal aos exemplares das famosas e centenarias árbores que se encontran nas inmediacións da fortificación. As obras financiadas a través da colaboración entre o Ministerio de Cultura, a Xunta de Galicia e o Concello de Oleiros. A execución destes traballos supón un investimento total de 369.099 euros.

A execución destes traballos é necesario realizala no período estival polo que carreará algunha molestia ás habituais persoas usuarias e visitantes da zona.



O CONCELLO INSTALA UN FALADOIRO NAS INMEDIACIÓNS DA RÍA, NO GRAXAL ◀

◆ Dentro das melloras dos parques públicos que o Concello está a levar a cabo ao longo destes últimos dous anos, ademais da ampliación do parque infantil da urbanización o Graxal, o Concello dotou esta zona cun faladoiro encamiñado especialmente a prestar servizo ás persoas maiores que poderán utilizar esta nova instalación como lugar de reunión e recreo nas inmediacións da ría.

O GOBERNO LOCAL INICIA UNHA NOVA CAMPAÑA DE LIMPEZA DE MALEZA EN BEIRARRÚAS ▼

◆ O Concello contratou a limpeza da maleza das beiravías dunha decena de camiños públicos. Rozaranse un total de 278.588 metros lineais de camiños e bordes de rúas, repartidos en dúas pasadas: unha a realizar a partir da última semana de maio e outra na segunda de outubro, aínda que as datas poden variar un pouco en función do crecemento da maleza. Cada pasada ocupará un máximo de 15 días naturais de traballos. O número total de camiños a desbrozar é de 184.

ABERTA AO USO PÚBLICO A RÚA TRAS DO RÍO ▶

◆ O Concello abriu ao tránsito público a rúa Tras do Río, en Perillo. Esta nova vía conecta a rúa das Garridas coa rúa do Areal.



O CASCO VELLO DE PERILLO, RECUPERADO E HUMANIZADO ▼

◆ A raíz das obras de recuperación do casco vello de Perillo, o Concello peonalizou os accesos de toda a zona posibilitando unicamente o acceso en automóbil para aqueles residentes que se dirixan aos seus garaxes. Deste xeito, queda prohibido o estacionamento de vehículos na zona, polo que os veciños e visitantes deben utilizar a zona de aparcamento habilitada nas inmediacións da piscina municipal ou na rúa da Segunda República. O Concello de Oleiros solicita a colaboración dos veciños para manter a calidade de vida deste núcleo.



O CONCELLO CHEGA A UN ACORDO PARA CONSTRUIR O NOVO APARCADOIRO DA PISCINA DE OLEIROS ◀

O Goberno local chegou a un acordo de cesión anticipada co propietario dos terreos anexos á piscina municipal de Oleiros para construír un novo aparcadoiro pola cara sur do edificio. O Concello construír esta nova zona de estacionamento para as persoas usuarias desta instalación municipal, xa que parte do actual aparcadoiro se verá afectado pola construción da variante de Oleiros que comunica esta localidade coa vía Ártabra e pola rotonda que se construír nas inmediacións da piscina. O Concello agradece a boa disposición do propietario cos intereses municipais.

A CASA CHARRY CONTARÁ CUN ASCENSOR PARA PERSOAS DISCAPACITADAS ▶

◆ O Concello de Oleiros dotará a Casa Charry, onde se realizan os plenos da corporación municipal e existe unha aula da terceira idade e unha sala de exposicións, cun ascensor para persoas discapacitadas. Esta obra financiarase coa colaboración da Deputación provincial.



COMEZAN AS OBRAS DE AMPLIACIÓN NA N-VI ▶

◆ Por fin deron comezo as obras de ampliación da N-VI no seu paso polo concello, no tramo comprendido entre O Seixal e O Carballo. Os traballos consisten basicamente na ampliación de dous novos carrís de circulación así como a construción dunha rotonda e un paso subterráneo. Para levar a cabo este proxecto foi necesaria a adquisición negociada por parte do Ministerio de Fomento de ao redor de cen propiedades nas que se inclúen 72 edificios que serán ou están sendo demolidos. A execución destas obras carreará diversas molestias ás persoas usuarias desta transitada vía así como aos residentes en zonas próximas. Co obxectivo de minimizar estas molestias e axilizar o tráfico prevense rutas alternativas durante a construción de determinados tramos.



A PARROQUIA DE NÓS CONTA ◀ CUNHA NOVA PISTA DEPORTIVA

◆ A parroquia de Nós dispón dunha nova pista polideportiva edificada nas inmediacións da igrexa de Nós, xunto ao pazo da Carballeira, antiga propiedade de Juana de Vega. Esta pista súmase ás outras tres que existen na parroquia, situadas na praza da Liberdade, no Seixal, e no Carballo. A nova pista foi construída a través do convenio de urbanización A Carballeira e é de total uso público.

A PISTA DE TENIS DO PASEO DA RÍA, DE USO PÚBLICO ▶

◆ A pista de tenis situada entre o Hábitat Residencial e o paseo da Ría xa é de uso público. Deste xeito o municipio conta con dúas instalacións de carácter público habilitadas para a práctica do tenis. Esta situada en Perillo e outra instalada no contorno do areal de Bastiagueiro.



O CONCELLO ULTIMA TRABALLOS PARA QUE AS PRAIAS ESTEAN EN PERFECTO ESTADO NO VERÁN ◀

◆ O Concello está a traballar para que os areais oleirenses se atopen en perfecto estado de cara ao próximo período estival. Estase a contratar a 40 socorristas e 3 sanitarios para prestar servizo nas praias do municipio. Ademais destes 43 postos de traballo eventuais contrataranse 6 novos operarios de limpeza, aos que se poden sumar outros 6 que foron solicitados á Xunta de Galicia, xa que nos meses de xuño a setembro os areais límpanse diariamente. Tamén se están a instalar novas duchas e adquiríronse novas cabinas para socorristas que reforzarán as actuais.

258.480 EUROS PARA OS COLECTIVOS DO MUNICIPIO

■ O Organismo Autónomo Municipal de Cultura do Concello de Oleiros subvencionou cun total de 258.480 euros as asociacións de carácter cultural, social, deportivo e educativo do municipio. Un total de 67 agrupacións víronse beneficiadas destas axudas que pretenden fomentar o desenvolvemento de actividades de distinto tipo. Á hora do reparto deste diñeiro, o Concello avalía a relevancia das actividades e o número de participantes.

AGRUPACIÓNS SOCIAIS E CULTURAIS:

CONCEDIDO

ENTIDADE	CONCEPTO	IMPORTE
● A.V.V. A RÍA	→ Romaría da Cabeza, Festa do Entroido, actividades deportivas e de ocio e viaxes culturais	1.800
● A.V.V. O HÓRREO	→ Viaxes culturais, Festa do San Xoán, Festa do Socio, II Romaría da Historia, cursos de baile galego, batuka-ximnasia, informática de adultos, tai-chi, masaxes, dieta-saúde	2.500
● A.V.V. OS RUEIROS	→ Gaita, baile, pandeireta, cantareiras, percusión, Festa das Letras Galegas, Festa dos Reis, Festa do Entroido, mostra folclórica, Festa do San Xoán, danza do ventre, hip-hop e viaxes e intercambios culturais	4.300
● A.V.V. SAN ANTÓN	→ Viaxes culturais, Festas do Samaín e Magosto, alboradas San Antón, teatro, Festa das Flores, Festa do Entroido, Febreiro cultural, actividades culturais en torno a festas	2.600
● A.V.V. SANTAIA	→ Festa dos Reis, Festa do Entroido, Romaría do San Xoán, Semana Cultural, escola e grupos de música, baile, cantareiras e pandeireta tradicional, viaxes culturais, festas do Santísimo e encontro folclórico	4.900
● A.V.V. RIALTA-XOECER	→ VII Concentración sendeirista e cicloturista e excursións sendeiristas	660
● A.V.V. SAN COSME	→ Festas do S.Cosme, obradoiro verán, obradoiro teatro, bailes salón, danzas orientais, taichi, ioga e tango	2.500
● A.V.V. MESÓN DA AUGA	→ Actividade medioambiental de conservación e observación, contacontos infantís, baile galego, baile de salón, cursos de xardinería, viaxes culturais e micoloxía	500
● AGRUPACIÓN ARTÍSTICA E CULTURAL SEMENTE NOVA	→ Tuna, baile galego, iniciación á música, palillos, encontros musicais	1.600
● AGRUPACIÓN CULTURAL "A MAROLA"	→ Viaxes e intercambios culturais	1.600
● AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA FOLLIÑAS	→ Escola de música e danza tradicional, viaxes culturais e festas tradicionais	1.600
● ASOCIACIÓN CULTURAL CORAL LEMBRANZAS STA. CRUZ	→ Participación e realización de concertos	1.500
● ASOCIACIÓN DE AMAS DE CASA	→ Manualidades, pintura en tela e óleo, estaño, cociña e viaxes culturais	900
● ASOCIACIÓN MULLERES RURAIS A CABANA	→ Manualidades e viaxes culturais	900
● ASPADISOL	→ Obradoiros de abelorios, tapices, coiro, cestería e cursos de xardinería, cociña	3.400
● CENTRO CULTURAL E INSTRUTIVO	→ Obradoiros de ximnasia de mantemento, música, baile, cultura xeral e aeróbic, viaxes culturais, e festas do Entroido e socios	1.300
● CORAL POLIFÓNICA DE MERA	→ Festival aniversario, xuntanza de corais, festival Santa Icí, festival de panxoliñas	1.500
● CORO DE OLEIROS	→ Clases de canto e director, concerto aniversario, encontro de corais, participación en concertos	1.500
● S.C.R. AMIGOS DE LORBÉ	→ Coral, tuna, artes plásticas, viaxes culturais, xuntanza de corais, festas do Entroido, San Xoán, magosto e fin de ano	3.600
● S.C.R.D. DE DORNEDA	→ Festa do San Martiño, Concurso Literario, Escola de baile e gaitas, Festas de Nadal, Entroido, San Xoán, manualidades, pintura e artes, encontro de habaneras, romaría folclórica e XXIX Xuntanza Mariñá	5.400
● OS DECANOS HOGAR MUNICIPAL 3ª EDAD	→ Viaxes culturais	790
● A.C. CLUB PENSIONISTA DE MERA	→ Viaxes culturais	400
● CORAL AIRIÑOS DE NÓS	→ Intercambios e viaxes culturais e concerto de Nadal	700
● ASOCIACIÓN CULTURAL AXÓUXERE TEATRO	→ Obradoiros de teatro, montaxe de obras teatrais e dirección	950
● ASOCIACIÓN CULTURAL FROUMA	→ Festival folclórico	600
● ASOCIACIÓN DE PENSIONISTAS Y JUBILADOS DE OLEIROS	→ Viaxes culturais	300
● A.C.D.R.V. O CARME DE MERA	→ Festas do Carme de Mera	970
● ASOCIACIÓN CULTURAL COFRADÍA DE STA.ANA / MERA	→ Festas de Santa Ana	970
● A.C.D.R.V.P. ROSARIO DE DORNEDA	→ Festas do Rosario de Dorneda	1.050
● COMISIÓN DE FIESTAS DEL CARMEN DE LORBE	→ Festas do Carme de Lorbe	750

TOTAL: 52.040

ENTIDADES DEPORTIVAS:

CONCEDIDO

● AC CLUBS DE FÚTBOL DE OLEIROS	→ Torneos de xuvenís, cadetes, benxamíns, alevíns, prebenxamíns e campus de verán	3.000
● CLUB ATLÉTICO SAN PEDRO	→ Fútbol de categorías de afeccionados, xuvenís, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	4.250
● CLUB DE FÚTBOL SANTA CRUZ	→ Fútbol de categoría de afeccionados	1.500
● CLUB DEPORTIVO OBRERO DE OLEIROS	→ Fútbol de categorías de afeccionados e xuvenís	2.050
● HÉRCULES S.D.C.	→ Fútbol de categoría afeccionados	1.700
● MARINO DE MERA C.F.	→ Fútbol de categorías afeccionados, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	5.000
● UNIÓN CAMPESTRE F.C.	→ Fútbol de categorías de afeccionados, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns e benxamíns	7.400
● S.C.R.D. DE DORNEDA	→ Fútbol de categorías de afeccionados, xuvenís, cadetes, infantís, alevíns, benxamíns e prebenxamíns	7.500
● CLUB ATLÉTICO PERILLO	→ Fútbol de categoría de afeccionados, infantís e alevíns	3.150
● SOCIEDADE CULTURAL E DEPORTIVA A RABADEIRA	→ Patinaxe de velocidade	1.900
● CLUB BREOGÁN - OLEIROS	→ Tenis de mesa. Competicións e escola	1.200
● CLUB DE TENIS MAIANCA	→ Tenis. Participación en competicións e torneos sociais	700
● CLUB MERA, F.S.	→ Fútbol sala. Participación en campionatos e organización de campus	2.100
● CLUB PATINAXE OLEIROS	→ Patinaxe artística. Participación en campionatos, aprendizaxe e perfeccionamento	1.900
● ESCUELADETENISCANABAL.COM	→ Tenis. Participación en competicións, torneos sociais e campus de verán	700
● JUDO CLUB OLEIROS	→ Judo. Participación en campionatos e curso ordinario	1.500
● UNIÓN DEPORTIVA LIBERTAD	→ Fútbol sala. Participación en campionatos	450
● CLUB CABI	→ Ximnasia artística. Participación en campionatos e escola	1.500
● CLUB DE REGATAS DE PERILLO	→ Remo. Participación en campionatos e escola	6.000
● CLUB BALONMÁN OLEIROS	→ Balonmán. Escola e participación en campionatos	1.200
● CLUB VOLEIBOL OLEIROS	→ Voleibol. Participación en competicións	1.500
● CLUB DE TENIS DE A CORUÑA	→ Tenis. Participación en campionatos	1.000

TOTAL: 57.200

COLEXIOS E ANPA:

CONCEDIDO

● ANPA BIDUEIRO	→ Obradoiros e cursos, primeiros auxilios, festas tradicionais e viaxe cultural	800
● ANPA COLEXIO PÚBLICO DE MERA	→ Actividades extraescolares	21.000
● ANPA COLEXIO PÚBLICO A RABADEIRA DE OLEIROS	→ Actividades extraescolares	35.000
● ANPA COLEXIO PÚBLICO VALLE INCLÁN	→ Actividades extraescolares	32.000
● ANPA MIGUEL HERNÁNDEZ DO IES MIRAFLORES	→ Actividades extraescolares e viaxe cultural	800
● ANPA OS PAZOS DO IES MARÍA CASARES	→ Actividades extraescolares e intercambios	3.500
● ANPA BOLBORETA DA ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA	→ Danzas populares e do mundo, baile e viaxe cultural	1.500
● CEIP ISIDRO PARGA PONDAL	→ Material didáctico de educación infantil, festas da escola, viaxes culturais e publicacións escolares	7.320
● CEIP A RABADEIRA	→ Viaxes culturais, charlas, coloquios e exposicións, material didáctico e publicacións escolares	10.695
● CEIP VALLE INCLÁN	→ Viaxes culturais, actividades, publicacións escolares e semana do libro	9.095
● CEIP LUÍS SEOANE	→ Viaxes culturais, conmemoracións, publicacións escolares e material didáctico	6.225
● IES MARÍA CASARES	→ Viaxes culturais, actividades culturais e viaxe	9.675
● IES MIRAFLORES	→ Viaxes, actividades culturais diversas e viaxe	8.430
● IES XOSÉ NEIRA VILAS	→ Viaxes culturais e actividades diversas	3.000
● ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE VILAR	→ Material didáctico	200

TOTAL: 149.240

O CONCELLO INSTA Á XUNTA A QUE CUMPRA O SEU COMPROMISO EN MATERIA DE TRANSPORTE



◆ O Concello de Oleiros instou á Xunta a que rubrique e poña en marcha o convenio de transporte público subscrito entre ambas administracións o pasado mes de marzo, cando tivo lugar unha reunión entre os responsables de transporte dos concellos da área metropolitana da Coruña e o director de Mobilidade da Xunta de Galicia, Miguel Rodríguez Bugarín. Nesta xuntanza fíxose entrega do novo convenio que substituirá o documento subscrito no ano 2005. Este documento, aprobado tamén no pleno municipal do pasado mes de marzo, recolle as demandas realizadas polo Concello e encamiñadas a aumentar a frecuencia do tránsito dos buses de liña que une Oleiros coa Coruña pasando por Montrove, e que comeza e finaliza no polígono comercial de Iñás, e a frecuencia da liña que comunica San Pedro de Nós coa Coruña, e que tamén comeza e remata no polígono de Iñás.

Estas dúas liñas contarán cunha frecuencia de paso cada 30 minutos e o aumento de tránsito de buses reforzará o transporte público nas zonas de Montrove e Iñás, que sufriron un importante aumento de poboación ao longo dos últimos anos.

Outra das vantaxes que se inclúe no novo documento é a posta en funcionamento da tarxeta sen contacto, que será compatible cos transportes urbanos da cidade da Coruña e do resto da área metropolitana. Esta nova tarxeta substituirá a actual e non suporá ningún gasto adicional para os usuarios e as usuarias. O Goberno local aposta polo transporte público de calidade e non cesará nas súas demandas ante o Goberno autonómico ata que as melloras sinaladas neste convenio se convertan en realidade.

O TEU CAN É A TÚA RESPONSABILIDADE



◆ Somos máis de 11.000 veciños os que temos cans en Oleiros e só uns poucos os que nos deixan quedar mal por non cumprir as ordenanzas municipais respecto aos animais de compañía, que se centran en aspectos como levar o can da correa e recoller os excrementos do noso animal. Colabora por un concello máis limpo e por unha mellor convivencia social.



O CONCELLO CONVOCA A CONSTITUCIÓN DE DÚAS NOVAS COOPERATIVAS PARA PROMOVER 35 VIVENDAS DE PROTECCIÓN ▼



■ Estado actual das últimas vivendas de protección oficial adxudicadas polo Concello de Oleiros e que se encontran en construción cun total de 70 pisos en Sta. Cruz e Oleiros

◆ O Goberno local convocou a constitución de dúas novas cooperativas para poder acceder ás vivendas de protección oficial que se edificarán no solo que o Concello sacará a licitación en Santa Cruz, fronte ao hotel Portocobo, e en Oleiros nas inmediacións da Casa do Concello, na segunda fase da urbanización Obelisco. En total 35 vivendas, 27 en Santa Cruz e 8 en Oleiros.


Para participar nestas cooperativas hai que cumprir os requisitos da normativa estatal e autonómica respecto aos ingresos e ao patrimonio, entre outros factores. As persoas cooperativistas serán as que controlen e constrúan as súas vivendas. O criterio do Concello para elixir as persoas adxudicatarias é para asegurarse de que sexan residentes no municipio as que se beneficien do patrimonio municipal, e evitar así que persoas ajeas ao municipio eliminen a posibilidade de que residentes en Oleiros opten a unha vivenda no seu concello.

SANTA CRUZ CONTARÁ CUNHA NOVA ZONA URBANIZADA ►

◆ O Goberno municipal está a realizar a tramitación necesaria para levar a cabo a urbanización do Polígono 19 situado nas inmediacións do parque Luís Seoane, na localidade de Santa Cruz. A nova urbanización afecta á finca na que ao longo destes últimos anos se realizaban as verbenas durante as festas, e que linda coa rúa do Repicho e co campo de Chave. Esta nova actuación dotará a Santa Cruz dunha gran praza pública, compensando aos propietarios cunha edificabilidade de baixo e dúas plantas entre a zona da praia e a mencionada rúa do Repicho.

● ORDENAMENTO POL-9

- 1. ZONA VERDE CON POSIBLE APARCADOIRO NO SUBSOLO
- 2. ACCESO A APARCAMENTO PRIVADO E A APARCAMENTO PÚBLICO
- 3. EDIFICIO DE DÚAS PLANTAS CON COMERCIO EN PLANTA BAIXA
- 4. EDIFICIO DE DÚAS PLANTAS CON COMERCIO EN PLANTA BAIXA



AS OBRAS PENDENTES DA XUNTA

■ A Xunta de Galicia ten pendente a realización de diversos proxectos de obras públicas e servizos, tanto educativos como sociais. Gran parte destes proxectos veñen sendo esixidos en reiteradas ocasións polo Concello a través das distintas demandas realizadas con delegados, directores xerais e conselleiros. Todas estas obras son de exclusiva competencia do Goberno autonómico e a súa ausencia afecta a millares de veciños e veciñas do noso concello e incluso da comarca. O Concello non parará ata acadar que se executen estas obras e servizos demandados, xa que a carencia dalgún deles provoca altos riscos de perigo viario e de carencia da axilidade de tráfico noutros casos. As obras pendentes da Xunta e requiridas en diversas ocasións son:



■ 1. Beirarrúas e beiravías na estrada que desde o centro urbano de Oleiros se dirixe a Soñeiro

Nesta estrada existe un alto risco de seguridade viaria para os transeúntes que a diario transitan por esta vía. Os peóns apenas contan con espazo para transitar e vense obrigados a camiñar a carón dos vehículos.



■ 2. Rotonda de Santa Cruz

Un dos puntos máis conflictivos na comarca e que provoca grandes retencións de tráfico en ambos sentidos de circulación, especialmente na tempada de verán.



■ 3. Accesos ao porto de Lorbé

Este demandado acceso, cuxas obras ían incluídas no proxecto da vía Ártabra, están xerando na actualidade problemas internos na Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio e na Consellería do Mar. Aínda non se adjudicaron estas obras, cuxos terreos xa foran expropiados durante o Goberno bipartito.



■ 4. Rotonda de Vilanova

A construción desta rotonda solucionaría o grave problema do tráfico na confluencia das rúas Manuel Murguía e Pilar Estévez Diéguez coa conexión da estrada autonómica que desde O Seixal se dirixe a Cecebre.



■ 5. Beirarrúas na estrada que desde Arillo se dirixe a Mera entre Lourido Grande e a intersección de Breixo

Neste tramo da estrada autonómica o Concello realizou, a través do PXOM, diversos tramos de beirarrúas incomunicados entre si, xa que no resto dos tramos a Xunta non executou os traballos que dotarían a esta zona de beirarrúas. A actual situación provoca risco para os numerosos peóns que circulan habitualmente por esta vía.



■ 6. Pasos de peóns no lugar de Lóngora, na avenida Che Guevara
Nesta zona reside un gran número de cidadáns e cidadás que a diario se ven obrigados a cruzar a estrada para poder coller os autobuses urbanos e escolares.



■ 7. Paso de peóns na zona das Pedras, na avenida Rosalía de Castro, estrada que desde Perillo se dirixe a Oleiros

Esta zona de paso é utilizada a diario por centos de escolares e residentes no ámbito do colexio Valle Inclán.



■ 8. Beirarrúas desde a rotonda das Pedreiras ata o colexio Cristo Rey

Este acceso é moi utilizado polos residentes na zona, os escolares e os alumnos do Centro Municipal de Formación.



■ 9. Rotonda de Arillo

Esta intersección, onde conflúe a estrada que desde Oleiros se dirixe a Mera e a que desde Perillo se dirixe a Lorbé, é unha das zonas máis poboadas da parroquia de Dorneda cunha alta densidade de persoas que a diario se ven obrigados a transitar por estas vías cun alto risco para a súa seguridade.



■ 10. Beirarrúas da marxe dereita na avenida Che Guevara desde o restaurante Orinda ata a rotonda de Nirvana

Esta zona é un espazo de tránsito para moitos veciños e veciñas do concello. A ausencia de beirarrúas supón un importante risco para a seguridade viaria.



■ 11. Tramo de beirarrúas na marxe dereita baixando desde Lucín ata a ponte Pasaxe

O uso como zona de paso desta ruta obriga a dotar este espazo con beirarrúas, xa que ademais é unha zona que comunica a pé cunha das principais entradas e saídas do municipio.



■ 12. Ampliación do punto de atención primaria na planta baixa da Casa do Mar de Mera

Neste momento a planta baixa da Casa do Mar de Mera está prestando servizo de saúde para os afiliados á Seguridade Social na metade de espazo da instalación, cando existen diversas dependencias que se encontran baleiras e que no seu día prestaron servizo ao Instituto Social da Marina como instalación médica. A zona norte do municipio necesita novos servizos sanitarios e novas especialidades como as que existen nos centros de saúde de Santa Cruz ou Oleiros, pero lamentablemente, a Consellería de Sanidade continúa sen mellorar este servizo.

(Continúa na páxina seguinte) ►



■ 13. Centro Social para Maiores na Casa do Mar de Mera

Desde o inicio do funcionamento deste edificio hai anos albégase na súa planta alta unha serie de instalacións destinadas a prestar servizo aos xubilados da zona. Lamentablemente, desde hai 7 anos, esta planta encóntrase sen apenas poder ser utilizada e en progresiva deterioración. A área destinada a cafetería encóntrase sen uso e está sendo utilizada como almacén de chatarra, polo que as persoas usuarias vense obrigadas a reunirse nun único espazo proxectado no seu día como lugar para bibliotecas ou salón de actos. O desprezo da Consellería de Benestar e Traballo cara aos maiores da zona norte do municipio é total e absoluto.



■ 14. Escola infantil para a Casa Labarta

O Concello mantivo ao longo de varios anos a Casa Labarta como escola de preescolar para os veciños de Maianca e Serantes. Cando rematou o novo edificio do colexio Luís Seoane en Canide, esta instalación quedou libre, polo que o Concello ofreceulle aos distintos gobernos da Xunta de Galicia que se habilitara como escola infantil de 0 a 3 anos. Pero ata a data e a pesar das elevadas necesidades deste servizo para as familias novas do municipio, os veciños seguen carecendo de prazas escolares para os seus fillos.

■ *Ante as continuas declaracións difamatorias do portavoz do partido popular en Oleiros a través de determinados medios de comunicación onde se destaca a súa figura e cuxo fin pretende, única e exclusivamente, difamar sobre o Goberno local e a súa xestión desprestixiando ao mesmo tempo o crédito que este Concello ten polas súas políticas medio ambientais e sanitarias entre outras, ponse en coñecemento dos veciños unha serie de obras de mellora da rede de saneamento do Concello e que aceptadas polo anterior Goberno bipartito, co financiamento da Unión Europea, encóntranse paralizadas polo, actual Goberno da Xunta sen que se prevexa ningún tipo de resolución. Estas obras están enmarcadas nun programa de mellora integral de saneamento dos concellos que lindan coa Ría do Burgo.*

OBRAS ACORDADAS POLO ANTERIOR GOBERNO DA XUNTA E PARALIZADAS POLO ACTUAL

- Instalación dun novo colector de saneamento desde a escola As Pedras ata o edificio O Pote, por Icaria IV.
- Substitución dun tramo en pendente en Salvador Allende na zona do cruzamento de Vilanova e outro tramo en Pilar Estévez Diéguez.
- Substitución dun tramo de 62 metros no Xuncal.
- Demolición da vella depuradora de Rialta, en desuso e que presenta un estado lamentable e recuperación da parcela.
- Eliminación do sifón de saneamento baixo o canal da Lagoa de Mera.
- Eliminar o bombeo de Vila do Couto e conectar con Sada.
- Instalación dun caudalímetro na saída do bombeo do Temple para o reparto de custos co Concello de Cambre.
- Substitución dun tramo de colector deteriorado diante da nave de servizos.
- Substitución dun tramo na urbanización Punxeiro.
- Substitución dun tramo de pluviais no noiro da pista de Cova dos Bois que coas raíces inunda sotos.
- Repoñer o tramo do colector diante da Facenda local.
- Substitución dun tramo diante do cuartel da Garda Civil de Oleiros.
- Cambiar unha conexión na rúa Mazaricos na súa intersección coa rúa Arco da Vella no Vieiro.

◆ Unha vez observadas as demandas de todas as obras de servizos mencionadas, de competencia exclusiva do Goberno autonómico e estas últimas sinaladas que son financiadas a través da Unión Europea, todas elas que se encontran sen ningún tipo de solución, preguntámonos para que queremos un deputado autonómico afín ao Goberno do PP que non contribúe a solucionar os problemas no municipio, onde ademais é concelleiro e onde se limita constantemente a difamar aos que cada día traballamos por construír un Oleiros mellor.

ESPERANDO POR TI. Se queres participar no próximo número do Vivir achegando a túa opinión sobre temas de interese municipal, escríbenos ao enderezo electrónico comunicación@oleiros.org (máximo 1.000 caracteres).

O SERVIZO MUNICIPAL DE ASESORAMENTO A NOVOS EMPREENDEDORES AXUDOU A CONSTITUÍR 29 NOVAS EMPRESAS EN 2009 ▼




◆ A Axencia de Desenvolvemento Local cumpre 10 anos. Ao longo de todo este tempo foron moitos os proxectos que foron asesorados para poder constituírse en empresa. Desde o ano 2000 e ata o 2009, o número total de asesoramentos rexistrados é de **828**; o que supón unha media anual de 83 proxectos de novas persoas emprendedoras asesoradas. Ao longo do pasado ano asesorouse desde este servizo municipal que desenvolve a súa actividade no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo a 87 veciños interesados en constituír a súa propia empresa. Destes expedientes, un total de 29 proxectos lograron ver a luz e hoxe xa son unha realidade. As empresas oleienses que desenvolven distintas actividades xeran riqueza e crean traballo.

O número total de empresas creadas desde que o servizo de asesoramento a emprendedores comezou a funcionar é de **250**, dos cales 195 son empresarios e empresarias residentes no noso concello. Outro dato a considerar pode ser que deles 145 (58%) elixiron Oleiros para situar a súa sede social. Isto implica que ao longo dos últimos 10 anos este servizo municipal axudou directamente a que o Concello de Oleiros conte con máis de 70 novas empresas que están a reforzar o tecido empresarial no municipio e dinamizar a súa economía.

O SECTOR SERVIZOS É O DE MAIOR IMPLANTACIÓN

◆ O principal sector de implantación é o sector de servizos. Un total de 131 empresas constituídas prestan servizos de diversa índole como servizos persoais, como perruquerías, clínicas de fisioterapia, clínica dental ou clínica de logopedia entre outros; servizos a empresas, que inclúen consultorías, servizo de traducións, axencias de publicidade ou de limpeza, e servizo de ensinanza, composto por academias de apoio escolar, de idiomas e de artes plásticas. Ademais, ao longo destes anos axudáronse a pór en marcha outros servizos como taxistas, representantes ou servizos inmobiliarios. 54 das empresas son comercios, outras 30 pertencen ao sector hostaleiro, 24 ao da construción e 11 prestan servizos agrarios ou pertencen ao sector pesqueiro.


● Proxectos asesorados ao longo da historia do Servizo de Asesoramento a Emprendedores



350 PERSOAS USUARIAS CONSEGUIRON TRABALLO O PASADO ANO

Ademais do servizo de asesoramento a novos emprendedores que se leva a cabo desde o Centro Municipal de Formación, na instalación situada nos Regos tamén se traballa en prol de xerar emprego. Deste xeito o Servizo de Orientación Profesional axudou a que 350 persoas usuarias inscritas conseguisen traballo ao longo do ano 2009. Este número de postos de emprego xestionados é lixeiramente inferior ao acadado en 2008, cando 439 persoas acadaron traballo. Aínda así, e debido á situación de crise que se está a vivir a nivel global e a dinámica de destrución de emprego que sofre España os datos son moi positivos. Para acadar esta cifra foi necesario mobilizar a 4153 persoas candidatas para optar ás 714 prazas vacantes de emprego.

● Empresas constituídas



GARCÍA SEOANE ASISTE EN ALXER A UNHAS XORNADAS EN APOIO AO POBO SAHARAÚ



■ O alcalde, durante a súa intervención no congreso de Alxer

◆ O alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, viaxou o pasado mes de decembro a Alxer para asistir á Conferencia Internacional das Cidades Irmás e Solidarias coas Cidades da República Árabe Saharauí, que se celebrou en Alxer e na que participan personalidades de todo o mundo. O rexedor oleirense foi invitado a esta cita internacional polo Comité Nacional de Solidariedade co Pobo Saharauí (CNASPS), organizador desta importante cita, que será inaugurada polo alcalde de Alxer e polo presidente da Coordinación Europea dos Comités de Apoio ao Pobo Saharauí.

O CNASPS é un colectivo que agrupa a todas as categorías da sociedade civil alxerina e inclúe personalidades políticas, parlamentarios, universitarios, artistas, deportistas, responsables de ONG e empresarios. O obxectivo desta reunión internacional é definir as liñas de cooperación co pobo saharauí e ler un manifesto que avogue pola súa independencia, a liberdade e a dignidade.

SOLIDARIOS CO SAHARA ▼

◆ O Concello de Oleiros colabora coa causa saharauí desde hai máis de vinte anos con distintas iniciativas sociais, cooperación internacional e axuda humanitaria. O Goberno local foi un dos pioneiros en España en pór en marcha o programa Vacacións en Paz, que permite a nenos e nenas saharauís residentes nos campos de refuxiados de Tindouf, no pleno Sahara alxerino, pasar parte das súas vacacións escolares con familias españolas. Ademais, no pasado pleno do mes de novembro, o grupo de goberno presentou unha moción de apoio a Aminetu Haidar.

MARTÍN ALMADA EN OLEIROS ▶

◆ O activista paraguaio a prol dos Dereitos Humanos, Martín Almada, foi recibido o pasado marzo polo alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, nun acto privado que se celebrou na Casa do Concello oleirense. Almada e García Seoane conversaron durante preto dunha hora na que analizaron diversos temas de actualidade. O alcalde de Oleiros mostrouse moi satisfeito da visita de Almada e sinalou que é un luxo que nos visite unha persoa como Martín, que contribuíu ao longo de toda a súa vida ao desenvolvemento social de Paraguai e á implantación dos Dereitos Humanos en toda Sudamérica combatendo as ditaduras militares do Cono Sur.



O GOBERNO LOCAL, CONCIENCIADO CO PROBLEMA DOS NENOS EN HAITÍ ▼

◆ O Concello de Oleiros ofreceulle ao Goberno de España a posibilidade de acoller, temporalmente no municipio, entre 25 e 40 nenos e nenas damnificados pola catástrofe do terremoto de Porto Príncipe, en Haití. Este proxecto ten como obxectivo proporcionar educación, manutención e aloxamento aos cativos, ao mesmo tempo que se afastan, temporalmente, dunha realidade social na que están especialmente expostos a perigos como abusos e raptos, debido á ausencia total de seguridade que sofre o país caribeño. O presidente do Goberno, José Luís Rodríguez Zapatero, agradeceu persoalmente a través dunha carta a solidariedade mostrada por Oleiros e remitiu a proposta á Secretaría de Estado de Cooperación Internacional. O Concello aínda se encontra á espera de que este organismo se pronuncie.



CIUDAD DELGADO REPARTE CON ÉXITO OS 2.400 PARES DE ZAPATOS ENVIADOS POR OLEIROS

◆ O Concello de Ciudad Delgado, un municipio integrado dentro da área metropolitana de San Salvador, capital do Salvador, repartiu os 2.404 pares de zapatos enviados polo Concello de Oleiros e cedidos polo Club de Los Leones da Coruña. Dos 2.404 pares enviados 1.315 serviron para calzar a nenos, nenas e bebés mentres o resto foi outorgado a persoas adultas. O reparto realizouse entre as organizacións non gobernamentais e eclesiásticas que traballan na zona. O alcalde de Ciudad Delgado, José Tomás Minero, mostrouse moi agradecido co Concello de Oleiros.

VEN E DESCUBRE 2010, A GALICIA MÁXICA

■ *Xa está en marcha o programa de excursionismo e sendeirismo para persoas maiores.*



◆ O Concello pon en marcha unha nova edición do programa de excursionismo e sendeirismo Ven e Descubre. Nos itinerarios seleccionados para este ano o Concello aposta por mostrar a parte máis lendaria da paisaxe galega. Baixo o nome A Galicia Máxica, as persoas participantes coñecerán lugares máxicos de Galicia, onde os mitos, lendas, ritos, contos e romances se resisten ao esquecemento. Este programa, que se desenvolve desde a área de Benestar Social, ten como obxectivo favorecer as persoas maiores do noso municipio o coñecemento do contorno a través dun proceso socio educativo. Nestas saídas ofrécense rutas adaptadas ao colectivo de persoas maiores en dous formatos diferentes, a través de excursións en autobús, con grupos de 100 persoas que realizan pequenos itinerarios culturais guiados en

grupo, e rutas de sendeirismo, no que participan grupos de 40 persoas. As saídas celebraranse ata setembro, un total de 21 saídas de excursionismo e 12 saídas de sendeirismo. A participación nesta actividade é totalmente gratuíta e os requisitos esixidos son ter cumpridos os 60 anos e estar empadroadado en Oleiros e estar nun estado de saúde axeitado para poder gozar da viaxe. Nos itinerarios programados realízanse diferentes actividades, desde visitas a museos e centros de interpretación, itinerarios guiados por centros históricos, rutas culturais, rutas naturais, visitas a centros laborais, ata as rutas de sendeirismo. Estas actividades favorecen a relación entre compañeiros e ofrecen a posibilidade de poder practicar unha actividade física con seguridade que mellora o estado de saúde.

EXCURSIONISMO ▶ Itinerarios en autobús con visitas en grupos de interese cultural

- **Camión das estrelas.** A Vía Láctea guía os peregrinos a Compostela e contan que no Cebreiro se atopa o Santo Grial, moitas son as lendas, contos e historias do "Camión Xacobeo", seguiremos as pegadas dalgunhas delas percorrendo o camiño desde O Cebreiro a Portomarín.
- **O camiño ancestral ao Santo André de Teixido.** Un dos puntos máis máxicos de Galicia onde os cantís alcanzan alturas semellantes aos fiordes noruegueses, terras cheas de lendas onde se atopan as pedras máis antigas de Europa.
- **O feitizo do Atlántico.** Igual que no rito das nove ondas, as augas do atlántico fecundan as costas da Lanzada nun dos destino turísticos máis importantes de Galicia. Propoñemos a visita das vilas de Portonovo e Sanxenxo, e a observación dos seus espazos naturais.

● *Busque o lugar onde reside e seleccione a excursión que máis lle interese:*

- | | CAMIÑO DAS ESTRELAS | O FEITIZO DO ATLÁNTICO | O CAMIÑO ANCESTRAL AO SANTO ANDRÉ DE TEIXIDO |
|--|---------------------|------------------------|--|
| 1 SERANTES - DEXO - LORBÉ. Paradas de bus: Mera (Nai-pai), A Pista, O Cubo, A Escola, Igrexa de Dexo, A Torre. | 16 MAIO | 6 XUÑO | 3 XULLO |
| 2 IÑAS - OLEIROS. Paradas de bus: Policía, fronte á gasoleira de Oleiros, A Barreira, A Cova, Campamento, Arenaza, Piñeiro, Royal Palace, A Xesta. | 8 MAIO | 30 MAIO | 10 XULLO |
| 3 SANTA CRUZ. Paradas de bus: O Bañil, Gasoleira, Coruxo, Pazos. | 9 MAIO | 12 XUÑO | 26 XUÑO |
| 4 DORNEDA - MAIANCA. Paradas de bus: Franzomel, Campo de fútbol, Abeleiras, Os Galgos, Igrexa de Maianca, Lagoa, Cabreira, Breixo, Arillo, O Couto, Augarrío. | 15 MAIO | 13 XUÑO | 27 XUÑO |
| 5 PERILLO. Paradas de bus: Solana, Lucín, Che Guevara (almacén de Viños), Beiramar. | 1 MAIO | 23 MAIO | 20 XUÑO |
| 6 MONTROVE - OS REGOS - PERILLO. Paradas de bus: Os Regos, Cafetería Montrove, Centro Social Montrove, Solana, Lucín, Che Guevara (almacén de viños). | 2 MAIO | 29 MAIO | 4 XULLO |
| 7 NÓS. Paradas de bus: Os Vilares, A Chasqueira, Vilanova, Casa do Pobo, O Seixal, Alsina, Mesón da Auga, O Carballo. | 22 MAIO | 19 XUÑO | 11 XULLO |

SENDEIRISMO ▶ Itinerarios. Rutas camiñando entre 6 e 12 Km

- **Camións de Oleiros, a costa máxica.** O espazo natural Serantes - Dexo mostra unha costa salvaxe e máxica na nosa propia casa que non debemos deixar de visitar. Observaremos a súa fauna e buscaremos as lendas escondidas nos bufadoiros, nas furnas e nos cantís.
- **O Pai Miño.** Dous espazos máxicos dispútanse o nacemento do río Miño. Fonmiñá e o Pedregal de Irimía. A ruta percorrerá estes dous lugares entra a serra e o val de Meira. Descubriremos as historias de ninfas e seres mitolóxicos que habitan nas súas augas.
- **Camión das estrelas.** Milleiros de peregrinos durante séculos percorreron estes camiños na busca de respostas. Camiñantes de Oleiros achegarémonos a Compostela seguindo os seus pasos no tramo do Camión Francés desde Arzúa a Santiago.
- **Camión de Muxía.** As pedras sagradas de Muxía serán a nosa meta. Desde Touriñán coñeceremos esta ruta que forma parte do Camión Xacobeo elixido polos peregrinos que rematan o camiño en Fisterra.

● *Busque o lugar onde reside e seleccione a excursión que máis lle interese:*

- | | CAMIÑOS DE OLEIROS | O PAI MIÑO | CAMIÑO DAS ESTRELAS | MUXÍA |
|--|--------------------|------------|---------------------|-------------|
| 1 PERILLO - MONTROVE - OS REGOS. Paradas de bus: Os Regos, Centro Social Montrove, Solana, Lucín, Che Guevara (almacén de viños). | 27 MAIO | 15 XUÑO | 7 XULLO | 1 SETEMBRO |
| 2 NÓS - IÑAS - SERANTES - MAIANCA - DEXO - LORBÉ. Paradas de bus: A Escola, O Cubo, Mera, Cabreira, Arenaza, O Piñeiro, A Chasqueira, Vilanova, Casa do Pobo, O Seixal. | 8 XUÑO | 22 XUÑO | 14 XULLO | 8 SETEMBRO |
| 3 DORNEDA - STA. CRUZ - OLEIROS. Paradas de bus: Policía, Breixo, Arillo, Augarrío, Sta. Cruz, Coruxo. | 9 XUÑO | 29 XUÑO | 21 XULLO | 15 SETEMBRO |

QUE NON TE ENGANEN, INFÓRMATE ▼



■ A publicación Vivir en Oleiros achega toda a actualidade municipal

■ *Existen medios de comunicación que se afanan por mostrar unha imaxe negativa da xestión do Goberno municipal, manchando as persoas que o integran e o bo nome do municipio. Moitas desas «informacións» saen das cociñas e dos laboratorios dos detractores do goberno e de grupos de presión económicos e mediáticos que prestan os servizos a determinados intereses políticos co fin dalgún día verse compensados das súas políticas destrutivas de acoso e derribo. Para combater estas desinformacións o Concello está na procura de fomentar canles informativas directas coa cidadanía, sobre todo para aqueles aspectos que afectan á vida cotiá dos oleirenses.*

◆ Para iso, desde hai anos, creouse a emisora municipal Radioleiros, que está ao servizo dos veciños as 24 horas do día no dial 101.5 da frecuencia modulada. Nesta emisora o alcalde dispón dun programa en directo que se emite de forma semanal todos os xoves ás dúas da tarde, onde calquera persoa pode facer chamadas, preguntar e pedir información. Posteriormente á posta en funcionamento desta radio, acordouse a edición do periódico municipal Vivir en Oleiros que se fai chegar cada tres meses a todos os domicilios de Oleiros. Así mesmo, o Concello ten instalados paneis luminosos en todas as parroquias do concello para informar puntualmente de actos e asuntos de interese para a comunidade.

En canto ás novas tecnoloxías, o Concello de Oleiros, sensible ás innovacións neste ámbito apostou hai anos por crear un portal web municipal que responde ás demandas, cada vez máis frecuentes, dun amplo sector da poboación. O sitio www.oleiros.org, que se encontra neste momento inmerso nun proceso de modernización, conta con amplos contidos sobre os principais asuntos de interese para a comunidade. Así mesmo, a web municipal conta coa Carpeta Cidadá, unha ferramenta que permite realizar boa parte das xestións municipais a través da rede. A solicitude de certificados, petición ou reserva de instalacións municipais ou a consulta de recibos están a tan só un click dos veciños inscritos neste sistema.

Ademais, desde as distintas áreas do concello fanse publicacións sobre os distintos programas municipais e temas de interese para os veciños e as veciñas en materia de urbanismo, benestar social, cultura, ensino, obras públicas, medio ambiente, facenda etc., e que están dispoñibles na web municipal. Outra vía para informarse sobre os asuntos do municipio é o servizo de Atención ao Veciño que dispón dun número de teléfono a disposición da cidadanía.

A maiores destas canles, pódese solicitar información na Casa do Concello. Todas as persoas afectadas por acordos municipais poden acceder a todo tipo de datos que exista nas dependencias municipais, excepto aqueles que teñan o acceso restrinxido de acordo coa Lei de protección de datos.

Todo este sistema de comunicación do Concello indubidablemente non é capaz de combater as constantes calumnias e difamacións que a diario se fan contra o Goberno municipal. Aínda así, ante calquera dúbida respecto á xestión do Concello non dubidedes en facer uso de calquera destas canles.



■ Os paneis informativos proporcionan un acceso rápido e fácil á información de servizos




■ Vista das instalacións da radio municipal, que emite no dial 101.5 da frecuencia modulada



■ Imaxe da páxina web municipal, que será totalmente reformada proximamente

O CONCELLO CELEBRA AS LETRAS GALEGAS ▶

◆ O Concello de Oleiros organiza ao longo do mes de maio varias actividades para celebrar o Día das Letras Galegas. Ademais do programa organizado pola rede de bibliotecas municipais, desde o Servizo de Normalización Lingüística leváronse a cabo diferentes programacións para incidir na promoción da lingua nos centros escolares a través de obradoiros de hip hop, obradoiros de contos de medo, dúas representacións da obra infantil *Os soños na gaiola*, a participación no Correlingua da Coruña e un recital poético da obra do autor homenaxeado, Uxío Novoneyra, titulado *Chove para que eu soñe!*. Ademais destas actividades, tamén se distribuíron libros de Uxío Novoneyra entre o alumnado do concello. O propio Día das Letras Galegas, tivo lugar no teatro das Torres a representación teatral da obra *Os Bolechas*, para un público infantil e familiar.



INTERCAMBIOS CON EUROPA

◆ Varios centros de educación secundaria do municipio participan nestas datas en programas de intercambio de alumnado, nos que os mozos e as mozas participan en actividades lectivas e en visitas culturais a lugares próximos dos institutos de acollida. Durante o intercambio, o estudiantado vive con familias de acollida, o que favorece o coñecemento dos costumes, a cultura e o idioma. Na foto, os alumnos e as alumnas do Albrecht-Thaer Gymnasium de Hamburgo, que visitaron Oleiros a primeira semana de maio no seu intercambio con rapaces e rapazas do IES María Casares. En abril, este instituto tamén recibiu a visita de estudantes polacas.



FOMENTANDO A LECTURA

◆ O Concello de Oleiros está a levar a cabo unha campaña de promoción da lectura nas bibliotecas municipais. As actividades están dirixidas ao alumnado dos centros de ensino público. En total uns 3.700 participarán nas diferentes actividades que se desenvolverán ata o día 11 de xuño. O obxectivo é que os rapaces e as rapazas adquiren gusto pola lectura que coñezan algunhas das bibliotecas municipais para que as visiten e utilicen no seu tempo de lecer.



OS RAPACES TAMÉN BAILAN

por Víctor Ullate Roche, bailarín e director da Escola de Danza de Oleiros


◆ Desde o principio dos tempos o ser humano tivo a necesidade de expresarse a través do movemento guiado por unha música ou un sentimento. Ese ritual xa na era prehistórica desencadeábase ao redor dunha lumeirada, co obxectivo de escorrentar espíritos ou invocar os deuses para que chovese e as colleitas fosen boas. Esta danza «ritual» era executada tanto por homes como por mulleres. A través dos séculos a danza tomou unha forma académica, estilizouse o movemento, creándose así unha linguaxe universal. E eu pregunto; porque existen tantos prexuízos hoxe en día acerca de que o home se dedique á danza se se supón que a especie humana está sempre en constante evolución? Quen decidiu que esa forma de expresión só a podían desenvolver as mulleres? Por que no noso país aínda hai xente que segue crendo que non é unha profesión de

homes?, como se a danza fose a culpable dunha orientación sexual ou outra. Eu, como bailarín, podo asegurar que isto non é así. Gustárame que todos os pais deste país reflexionasen por un momento do beneficio que ten a danza para os seus fillos. Coa danza escúlpese o corpo traballando a musculatura e a elasticidade. Edúcase o oído e sensibiliza o neno cara a arte e a cultura. Desenvolve a coordinación, a imaxinación e a creatividade e o máis importante de todo, créalle unha autodisciplina que lle pode servir para calquera outra profesión á que se queira dedicar máis tarde. Para min deberían de instaurar o baile como materia en todos os colexios, xa que é moi bo como complemento ás súas vidas. Fun moi feliz bailando e gustárame que esa mesma felicidade a sentisen todos eses nenos incomprendidos. Porque todos temos dereito a facer o que sentimos.



REMATA O CICLO DE CINE DE PRIMAVERA, COMEZA O CINEMA DE VERÁN ►

◆ Ao longo da segunda metade de maio remata o ciclo de cine de primavera co pase de dúas interesantes películas, *El Lector*, do laureado Stephen Daldry, e *Australia*, unha superproducción interpretada por Nicole Kidman e Hugh Jackman. Tras un parón durante o mes de xuño o cine volve a Oleiros co habitual programa de cinema de verán, que percorrerá todas as parroquias do Concello durante os meses de xullo e agosto, para seguir achegando a sétima arte a todos os veciños. Durante o mes de xullo, as películas serán proxectadas ás 22.30 horas e no mes de agosto sobre as 22.15 horas aproximadamente.



MESTURA DE MÚSICA E POESÍA NO AUDITORIO DA FÁBRICA



◆ O venres 21 de maio o Auditorio da Fábrica acolle o espectáculo *O Ramallo de Prata*, unha mestura de música e poesía protagonizada polo grupo Oriol. *O Ramallo de Prata* é un espectáculo poético musical que resulta dunha escolla moi traballada da obra completa de Uxío Novoneyra e da composición da música que acompaña á súa recitación. Como vén sendo habitual nos recitais do grupo Oriol a actuación acompáñase da proxección de imaxes realizadas ex profeso polo artista Alfonso Costa.

◀ O grupo Oriol está formado polos músicos Bernardo Martínez e Fito Ares, xunto á poeta e recitadora Eva Veiga.



DANZA E FANTASÍA EN MERA ▼

◆ O próximo 29 de maio a danza será a protagonista no auditorio de Mera. *Contos no Ar*, é un espectáculo de danza para público novo que recolle a fantasía dos contos e a literatura. O protagonista desta coreografía é Peter Hamelin Merlín, cazador de contos. Este personaxe caza contos e ponos en gaiolas, que el mesmo fai coas palabras e así os entrega aos nenos e ás nenas. Trátase dun espectáculo avalado polo traballo do grupo Artestudio Teatro e o asesoramento pedagóxico de Estefanía Vazquez. A duración aproximada é dunha hora.

O JAZZ SERÁ PROTAGONISTA EN OLEIROS ►

◆ Oleiros acolle dúas importantes citas do II Festival de Jazz As Mariñas, que terá lugar durante os meses de maio e xuño. Este festival, que nas anteriores edicións tivo unha gran acollida polo público, é unha iniciativa patrocinada pola Deputación da Coruña e organizada polo Consorcio das Mariñas co obxectivo de contribuír á creación dunha oferta cultural de calidade nos concellos da área metropolitana da Coruña. O venres 4 de xuño, ás 21.00 horas no Auditorio da Fábrica, o grupo de Jazz Crunia protagonizará unha das actuacións estelares do festival Jazz As Mariñas. Esta banda coruñesa leva máis de 20 anos facendo música nos escenarios. No seu haber contan con cinco discos, o último deles Xingra.com, gravado o ano pasado, e do que se incluírán varias pezas na súa actuación en Perillo. Ademais deste concerto, Oleiros acollerá o Programa de concertos didácticos. Trátase dunhas actuacións de 40 minutos de duración coas que se pretende achegar e divulgar a música jazz entre o alumnado da comarca.



Ademais...



ALFAROLEIROS CELEBRA A SÚA XVI EDICIÓN CON LUAR NA LUBRE

◆ Este ano Alfaroleiros celebra a súa XVI edición. Celebrarase do 4 ao 8 de agosto. Un ano máis oleiros de todo o país achegaranse a Oleiros para sementar o Parque Luís Seoane de Santa Cruz de tradición e bo facer, permitindo así que o noso Concello faga honra ao seu topónimo e ás súas orixes. Paralelamente á feira, serán moitos os actos culturais que levaremos adiante para o gozo de veciños, veciñas e visitantes. Contaremos coa actuación do grupo de folk Luar na Lubre o sábado 7 de agosto ás 22.30 h.

REVELA REGRESA ÁS RÚAS ESTE XUÑO COA INFANCIA COMO PROTAGONISTA ▼



◆ O Foro Internacional Revela chega a súa quinta edición. A mostra inaugurarase a mediados do mes de xuño e está previsto que se prolongue ata mediados de xullo. Este ano a temática principal do certame céntrase na situación dos menores en distintas sociedades en desenvolvemento. Deste xeito tratarase a explotación infantil, a violación dos dereitos dos nenos e os problemas de exclusión social en diversas zonas do planeta. Como xa é habitual, de forma paralela á exposición fotográfica, o Foro Internacional Revela inclúe unha programación paralela composta por obradoiros de fotografía e conferencias sobre temas vinculados á mostra. Ademais, ao longo deste mes fallaranse o concurso de proxectos, premiado cunha bolsa de 12.000 euros para desenvolver reportaxes fotográficas que denuncien situacións de inxustiza, e o concurso de Revela na Escola, dedicado aos estudantes de secundaria.

OS BENXAMÍNS DO BREOGÁN OLEIROS PROTAGONIZAN UN GRAN CAMPIONATO GALEGO

◆ O club de tenis de mesa Breogán Oleiros proclamouse campión galego na categoría benxamín. A vitoria no campionato autonómico pon o broche de ouro a unha campaña inzada de éxitos no resto de categorías. A proba celebrouse en Vigo o pasado mes de abril. O primeiro día disputáronse as probas de individuais e dobres e o segundo, a de equipos. En todas elas, o Breogán Oleiros realizou un bo papel e subiu ao podio en todas as categorías. A actuación máis destacada foi a de Judith Cobas, que se proclamou campioa galega. Ademais o equipo oleirense realizou un bo papel na competición por equipos, Judith Cobas e Lucía Aguión del Oroso lograron o subcampionato, mentres que Camilo e Daniel González conseguían un estupendo terceiro posto.



■ Os xogadores do Breogán Oleiros que participaron no XII Campionato Galego Benxamín. De esquerda a dereita: Daniel González, Judith Cobas e Camilo González.

Ademais...

UN OLEIRENSE, SUBCAMPIÓN DE ESPAÑA DE ESGRIMA ▼

◆ Jesús Manuel Villadóniga Martín, veciño de Oleiros, protagonizou un gran papel no Campionato de España de Veteranos de esgrima celebrado en Madrid o pasado mes de abril. O tirador oleirense logrou o subcampionato de España na disciplina de florete e a medalla de bronce na de espada. Villadóniga regresa deste modo á competición despois dun período inactivo. Os seus retos para o futuro son seguir progresando na faceta deportiva e pór en marcha unha escola de esgrima para que a mocidade oleirense aprenda a practicar este deporte.

JOSÉ MANUEL BAO CAMPIÓN DE ESPAÑA DE VELOCIDADE EN PISTA CUBERTA ▼

◆ O atleta oleirense José Manuel Bao proclamouse este inverno campión de España de velocidade de pista cuberta nas distancias de 60 e 200 metros lisos nos campionatos nacionais celebrados en Zaragoza. Bao, que é un habitual nos podios nacionais optará proximamente ao campionato de Europa. A vitoria conseguida en Zaragoza polo atleta veterano oleirense foi especialmente traballada, xa que Bao correu a fase final da competición afectado dunha lesión no seu xemelo dereito.

BODY-BOARD E KAIK PARA ESCOLARES ►

◆ Ata finais do próximo mes de xuño estanse a levar a cabo as actividades náuticas do programa complementario de Educación Física para os centros de ensino público do municipio. Os escolares practicarán body-board e kaiak de mar. En total participarán aproximadamente 570 alumnos e alumnas en 23 sesións. O principal obxectivo desta iniciativa municipal é divulgar entre os escolares actividades deportivas diferentes ás coñecidas e fomentar a práctica de actividades que ofrecen posibilidades de desenvolvemento regular dentro do municipio.



Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

Policia Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Casa do Mar de Mera	981 628 544
Protección Civil	981 636 933

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 614 784
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñas	981 631 240
Casa do Pobo de Nós	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro de Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Aula do Mar / Faros de Mera	981 618 154
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143
Centro de Lecer Portaberta	981 614 083

Centros educativos

CMF Isaac Díaz Pardo	981 631 706
EI O Vilar / Nós	981 664 257
EI A Pardela / Os Regos	981 631 788
EI As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
EIM A Canteira / Perillo	981 977 921
IES Neira Vilas / Perillo	981 638 903
IES Miraflores / Oleiros	981 631 615
IES Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
CEIP Luis Seoane / Mera	981 617 130
CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
CEIP Valle Inclán / Perillo	981 636 754
CEIP A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialda / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Mª José Ruso / Dorneda	981 626 638
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Ánxel Fole / Nós	981 664 257
Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Medra	20 maio / 19 xuño / 18 xullo
Chea	27 maio / 26 xuño / 26 xullo
Mingua	4 xuño / 4 xullo / 3 agosto
Nova	12 xuño / 11 xullo / 10 agosto

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no
981 243 333

Horarios Cal Pita

- Aeroporto de Alvedro 981 187 200
- Estación autobuses A Coruña 981 184 335
- Estación FFCC San Cristovo 902 240 202

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 22:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora



34.251
veciños/as
censados/as!

Ata o 10 de maio, o censo por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.388
DORNEDA (San Martiño)	3.459
IÑÁS (San Xurxo)	1.222
LIÁNS (Santa Eulalia)	9.856
MAIANCA (San Cosme)	1.212
NÓS (San Pedro)	4.574
OLEIROS (Santa María)	2.944
PERILLO (Santa Leocadia)	8.025
SERANTES (San Xulián)	1.571
TOTAL	34.251

Farmacias de garda*

	Datas
<ul style="list-style-type: none"> MARÍA TERESA CHUCLÁ CUEVAS Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) • Teléfono: 981 923 845 	Do 21 ao 27 de maio Do 16 ao 22 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) • Teléfono: 981 610 027 	Do 28 de maio ao 3 de xuño Do 23 ao 29 de xullo
<ul style="list-style-type: none"> MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) • Teléfono: 981 617 937 	Do 4 ao 10 de xuño Do 30 de xullo ao 5 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> Mª TERESA MIGUÉLEZ FREIRE Avda. Rosalía de Castro, nº 247 (Perillo) • Teléfono: 981 635 024 	Do 11 ao 17 de xuño Do 6 ao 12 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) • Teléfono: 981 663 890 	Do 18 ao 24 de xuño Do 13 ao 19 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) • Teléfono: 981 614 503 	Do 25 de xuño ao 1 de xullo Do 20 ao 26 de agosto
<ul style="list-style-type: none"> TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) • Teléfono: 981 648 440 	Do 2 ao 8 de xullo Do 27 de agosto ao 2 de setembro
<ul style="list-style-type: none"> MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) • Teléfono: 981 614 184 	Do 9 ao 15 de xullo Do 3 ao 9 de setembro

* Estas horarios poden sufrir modificacións en función da apertura de varias farmacias que inician a súa actividade no municipio ao longo destes días.

EN MARCHA: A EXPROPIACIÓN DA FINCA TENREIRO



■ Vista aérea da finca da Fundación Tenreiro en Nós. Parte deste terreo albergará o novo colexio de educación primaria que o Goberno local pretende que se constrúa na parroquia e que dará servizo aos rapaces que residen na zona sur do municipio.

◆ O Goberno municipal acordou a expropiación de parte da finca da Fundación Tenreiro para situar o novo colexio de educación primaria na parroquia de Nós. Esta finca está enclavada no centro xeográfico desta parroquia e a súa antiga propietaria, dona Esperanza Tenreiro Arias-Uría, unha gran dama, xa no ano 1956 a dedicara para fins sociais adxudicándoa a gardería do Sagrado Corazón de Jesús y de la Santísima Virgen del Carmen para

que a finca se utilizase como residencia de verán. O propósito da propietaria era que os fillos e as fillas de menos de 10 anos de idade das nais solteiras da comarca da Coruña gozasen deste terreo.

O Goberno local, coñecedor do testamento, decidiu cualificar a finca dentro do Plan xeral de ordenación municipal como solo dotacional educativo, o que a converte nun lugar idóneo para aloxar unha instalación

deste tipo. Deste xeito, cúmprese o fin que pretendiera dona Esperanza Tenreiro e que desde hai máis de 50 anos incumpe a fundación que se creou ao seu falecemento. O incremento de poboación que sufriu a zona sur do municipio ao longo dos últimos anos, cando numerosas familias de xente nova se instalaban na parroquia de Nós, provocou que a necesidade dun colexio nesta zona se incrementase sensiblemente.